
RATOS NA ESCOLA

Texto de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ 'OLI'

Ilustracións de NATALIA COLOMBO

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 36 páx. 14 €

Ratos na escola (galego)

ISBN 978-84-1343-091-1. Álbum ilustrado. Demademora.

Ratones en la escuela (castelán)

ISBN 978-84-1343-092-8. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Saguak eskolan (euskara)



ISBN 978-84-9172-238-0. Album irudidunak. Egile-lanak.

<i>Ao chegar a tarde, con moita cautela, saíron os ratos por unha xanela.</i>	<i>Desde a xanela parecen foguetes, alá van os ratos nos seus patinetes...</i>
---	--

Logo de «Os ratos da casa» e «Ratos de viaxe», as novas andanzas destes simpáticos roedores transcorren na escola, onde se divirten, aprenden e fan algunhas falcatruadas.

Dende o punto de vista literario, «Ratos na escola» mantén a estrutura dos títulos precedentes, con estrofas de catro versos, rima consoante e palabras encadeadas. Este esquema acentúa o ritmo do relato, potencia a súa oralidade e facilita o seguemento da obra por parte dos primeiros lectores. A historia transcorre nun ambiente de xúbilo, humor e emoción polas experiencias tan diversas e enriquecedoras que van compartir. Ata que a xornada chega ao seu fin despois de visitar o ximnasio, a aula de música, a biblioteca e outras estancias do colexio.

A proposta plástica deste libro destaca polo seu luminoso colorido e polos abundantes detalles: patinetes e cascos, material deportivo, instrumentos, pinturas, libros... son parte da variopinta escenografía creada por Natalia Colombo.



-
- **Temática:** o colexio.
 - **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
 - **Aspectos destacables:** texto rimado, palabras encadeadas; recinto escolar, aulas, materiais, aprendizaxe; diversión, humor; ilustracións alegres e coloridas; dos autores de «[Os ratos da casa](#)» e «[Ratos de viaxe](#)» (KALANDRAKA).
 - **Avance do libro:**
https://issuu.com/kalandraka.com/docs/ratos_na_escola_g
-

Xosé Manuel González 'Oli'

(Cangas, 1960)

Mestre de Primaria, tradutor, escritor e especialista en literatura infantil e xuvenil. Co-director da colección Seteleguas de KALANDRAKA, editorial na que publicou «[Once damas atrevidas](#)», «[O pirata pata de lata](#)» e «[Artur](#)». Foi responsable das páxinas de literatura infantil da Revista Galega de Educación.

<http://www.librosdeoli.gal>

Natalia Colombo

(Bos Aires, 1971)

Ilustradora e deseñadora gráfica. Estudou na Facultade de Arquitectura, Deseño e Urbanismo da Universidade de Bos Aires, cidade na que reside. Ilustrou libros de texto e álbums infantís publicados en editoriais de España, Francia, Suíza, Argentina, México, Chile, Brasil e Estados Unidos. Tamén participa en exposicións individuais e colectivas. Coa súa primeira obra, «[Cerca](#)», gañou o I Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, convocado polo Departamento de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago e por KALANDRAKA. En 2017 recibiu unha mención de honra de Iberoamérica Ilustra. Tamén é ilustradora de «[Niños](#)».

<http://www.nataliacolombo.com.ar>

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
